

ADAPTACIÓN PROGRAMACIONES

DIDÁCTICAS 4ºESO

I.E.S. Nº1

A ESTRADA

CURSO 2019-20

ÍNDICE

Bioloxía e Xeoloxía

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional

Economía

Educación Física

Educación Plástica, Visual e Audiovisual

Física e Química

Latín

Lingua Castelá e Literatura

Lingua estranxeira Francés

Lingua estranxeira Inglés

Lingua Galega e Literatura

Matemáticas Académicas e Aplicadas

Música

Portugués

Relixión

Tecnoloxía

Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Valores Éticos

Xeografía e Historia

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO: IES N1 A ESTRADA

CURSO: 4º ESO

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS DA NATUREZA

DATA: 5 MAIO 2020

Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Determinar as analoxías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	Diferencia a célula procariota e eucariota Enumera as diferenzas entre célula animal e vexetal Identifica as diferentes formas celulares
Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	Identifica as diferentes formas celulares e identifica a imaxe obtida por MO ou ME
Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	Identifica os compoñentes do núcleo
Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.	Diferencia entre Cromatina e Cromosomas Identifica as partes de un Cromosoma
Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	Diferencia entre mitose e meiose- Sabe a importancia biolóxica de cada proceso
Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	Diferencia ADN e ARN Identifica a composición e a estrutura do ADN
Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	Identifica a Duplicación do ADN e o seu significado biolóxico
Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	Distingue entre transcrición e tradución
Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	Identifica as mutacións, a causa e as súas consecuencias
Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	Identifica os conceptos xenéticos principais Resolve problemas sinxelos de xenética mendeliana.
Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	Resolve problemas sinxelos de xenética humana
Cofecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	Sabe que son e manexa as árbores xenealóxicas para identificar doenzas hereditarias
Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	Identifica as etapas da enxeñaría xenética
Comprender e describir o proceso da clonación.	Diferencia entre clonación terapéutica e reprodutiva
Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	Recoñece as consecuencias sociais, éticas e ambientais da Biotecnoloxía
Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandería, no ambiente e na saúde.	Sabe que son os alimentos transxénicos e valora a súa polémica social

Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	Coñece o orixe da vida
Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	Recoñece o concepto de Evolución Identifica e distingue as teorías evolucionistas
Comprender a orixe da célula eucariota por simbiose de células procariotas e a súas consecuencias para a biodiversidade	Recoñece a Teoría da Endosimbiose
Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.	Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.
Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	Sabe a estrutura composicional e dinámica da Terra
Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.	Coñece os conceptos de Litosfera e Astenosfera, a súa importancia para explicar a Dinámica da Terra.
Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	Sabe os tipos de movementos da placas litósfericas
Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	Identifica as consecuencias dos movementos das placas
Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxeos térmicos.	Recoñece a orixe das Cordilleiras e arcos illas
Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociarlles movementos e consecuencias.	Identifica os tipos de Placas. Identifica os seus movementos
Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.	Recoñecer a evolución do relevo debido a interacción entre procesos xeolóxicos internos e externos
Recoñece as Eras xeolóxicas e os seus acontecementos biolóxicos e xeolóxicos máis relevantes.	Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, Identifica os conceptos de Eon , Era . Identifica os feitos xeolóxicos e biolóxicos mais importantes das Eras.
Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.	Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.
Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terrero.	Interpreta un mapa topográfico e fai perfis topográficos..
Resuelve problemas sinxelos aplicandos os principios estratigráficos	Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: <u>Avaliación final</u>, o seu obxecto e coñecer o grao da consecución dos obxectivos didácticos ao final de cada un ou dun conxunto de Unidades Didácticas.</p> <p>Instrumentos: Na situación actual polo la covid-19 OS INSTRUMENTOS usados serán:</p> <ul style="list-style-type: none">• Non hai proba escrita ,polo que valoraremos as tarefas levadas a cabo de forma telemática.• Valoración das actividades formativas., e dicir participación na Aula virtual a través do foro da aula, da entrega de tarefas, visionado de vídeos• Valoración dos traballos : Teñan entregadas todas as tarefas e que sexan valoradas positivamente na súa maioría. HABERA TAREFAS DE AMPLIACIÓN E DE REFORZO e RECUPERACIÓN PARA OS QUE TEÑAN ALGUNHA AVALIACIÓN AVALIADA NEGATIVAMENTE.• Valoración do traballo diario (realización de tarefas) e do esforzo e interese por mellorar o seu rendemento(autoavaliación)• Valoración da actitude, entrega de tarefas en prazo,con claridade,limpeza e orde.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none">• ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SUPERADOS: <p>Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none">- 50% nota da 1º avaliación.- 50% nota da 2º avaliación.- 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar baixar nota.• ALUMNADO CUN TRIMESTRE SUSPENSO: <p>Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none">- 60% nota da avaliación aprobada.- 40% nota da avaliación recuperada.- 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.• ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SEN SUPERAR: <p>Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none">- 100% nota das avaliacións recuperadas.- 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Se a situación actual remite e permite a volta aos centros farase unha proba escrita para obter a cualificación final da materia.</p> <p>No caso que a situación actual continuase, e non se podan facer probas escritas presencias nos centros, se terán en conta as tarefas traballos , e actividades levadas a cabo durante o verán.</p>

Alumnado de materia pendiente	<p>Criterios de avaliación: Non temos alumnos coa materia pendiente</p> <p>NA SITUACIÓN ACTUAL , e non sendo posible realizar a proba escrita de forma presencial , si fose o caso realizaríamos unha serie de tarefas que recibiran os alumnos A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL para a súa realización é entrega no prazo marcado polo profesor.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>NA SITUACIÓN ACTUAL , e non sendo posible realizar a proba escrita de forma presencial realizaremos unha serie de tarefas que recibiran os alumnos A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL para a súa realización é entrega no prazo marcado polo profesor.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Realización de TAREFAS(Formulario test, preguntas curtas ,visionado videos) na AULA VIRTUAL.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Na situación actual, coa suspensión das clases presenciais por la covid-19 a formación do alumnado continua ON LINE, sendo o profesor o encargado de elaborar actividades ,tarefas e outros materiais de forma virtual para así poder continuar o curso .</p> <p><u>O contido virtual se distribuíra en dúas plataformas virtuais:</u></p> <p>1. Aula virtual do IES</p> <p>O seu uso sera meramente informativo e sempre le informara das tarefas de Classroom. O feito de usala ,e que en moitas materias traballan nela e asi cando abran aula virtual ,na materia de Bioloxía e Xeoloxía indicara que acudan CLASSROOMM</p> <p>Os contidos distribúese da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Un foro de consultas e dúbidas</u> • <u>Carpets semanais de actividades de reforzo e ampliación</u>, Nelas informarase que teñen que ir a Classroom para • <u>Carpets de recuperacións de avaliacións suspensas</u> e as Nela se informara al alumnado das tarefas encomendadas. E que están en Classroom • <p>2. Classroom 4ºESO</p> <p>Os contidos serán os que na aula virtual se reflectan pero engadiremos presentacións ,videos e cuestionarios , preguntas curtas, pequenas cuestións a debater... que terán que entregar nos prazos establecidos.</p> <p>Descartamos facer videoconferencias debido a las dificultades de conectividade tanto por parte do profesor como dos alumnos. A nosas casas están nun entorno rural polo que a conexión a través do ADSL non permite realizar videoconferencias para impartir algunha clase, aclarar dúbidas, consolidar contidos e/ou avanzar materia.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Todo o alumnado está conectado co profesor a través da AULA VIRTUAL.* CLASSROOM. Non temos alumnos que non podan facelo, polo que todo o material de traballo + tarefas se CARGAN semanalmente en Classroom e se lles informa na Aula virtual. Por acordo do Claustro e para facilitar o acceso , A COMPRENSIÓN e a organización do traballo dos alumnos, todo o material súbese OS LUNS DE CADA SEMANA.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais de elaboración propia(presentacións,tarefas pregunta curta, cuestionarios,xogos..) • Enlaces a páxinas WEB. • Visionado de videos(YOUTube...). • Libro texto.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A NOSA COMUNICACIÓN CO ALUMNADO SERÁ:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mediante a AULA VIRTUAL. Nela esta a súa disposición o FORO DE DÚBIDAS, para preguntar, aclarar dúbidas. • Mediante CLASSROOM • O correo electrónico corporativo do profesor. • ABALAR MOBIL, <p>A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS SERÁ :</p> <ul style="list-style-type: none"> • ABALAR MÓBIL, no que informamos as familias do traballo desenvolvido polos seus fillos, incidencias ou calquera tema que sexa de interese para a familia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro .

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES NÚMERO 1

CURSO: 4º ESO

MATERIA: CIENCIAS APLICADAS A ACTIVIDADE PROFESIONAL

DEPARTAMENTO: DPTO. FÍSICA-QUÍMICA

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Información e publicidade**
- 4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 5. Rúbrica da cualificación das fichas**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe e <i>competencias clave</i>
B1.1. Utilizar correctamente os materiais e produtos do laboratorio	CAAPB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario según o tipo de ensaio que vai a realizar. CAAPB1.1.2. Identifica as propiedades dos materiais de laboratorio CMCCT, CD, CSIEE
B1.2. Diferenciar as zonas dun laboratorio e o seu uso	CAAPB1.2.1. Identifica as zonas do laboratorio e o lugar de almacenaxe dos materiais CMCCT, CCL, CD
B1.3. Reconocer as indicacións nas etiquetas dos produtos químicos B1.4. Cumplir e respetar as normas de seguridade e hixiene do laboratorio	CAAPB1.3.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rixen nos traballos de laboratorio CMCCT, CCL, CD, CSIEE
B1.7. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar o volume	CAAPB1.7.1. Determina e identifica medidas de volume CAAPB1.7.2. Relaciona a aplicación no campo industrial e de servizos de técnicas e instrumental para medir o volume CMCCT, CD, CAA, CSIEE
B1.8. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar a masa	CAAPB1.8.1. Determina e identifica medidas de masa CAAPB1.8.2. Relaciona a aplicación no campo industrial e de servizos de técnicas e instrumental para medir a masa CMCCT, CAA, CD, CSIEE
B1.9. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar a densidade	CAAPB1.9.1. Determina e identifica medidas de densidade CAAPB1.9.2. Relaciona a aplicación no campo industrial e de servizos de técnicas e instrumental para medir a densidade CMCCT, CAA, CD, CSIEE,
B1.10. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar a temperatura	CAAPB1.10.1. Determina e identifica medidas de temperatura CAAPB1.10.2. Relaciona a aplicación no campo industrial e de servizos de técnicas e instrumental para medir a temperatura CMCCT, CAA, CD, CSIEE
B1.11. Recoñecer que é unha disolución e de que tipo se trata	CAAPB1.11.1. Recoñece os compoñentes e tipos de disolucións CAAPB1.11.2. Recoñece e experimenta cas propiedades coloidales dalgunhas macromoléculas utilizadas na cociña CMCCT, CAA, CD, CSIEE
B1.12. Preparar disolucións de diferentes naturezas	CAAPB1.12.1. Determina e Identifica os elementos necesarios para preparar unha disolución CAAPB1.12.2. Aplica as técnicas e o instrumental adecuado para preparar disolucións CMCCT, CAA, CD, CSIEE
B1.13. Identificar as propiedades das disolucións	CAAPB1.13.1. Relaciona as características propias das disolucións coas súas propiedades CMCCT, CAA, CD, CSIEE
B1.15. Separar os compoñentes dunha disolución utilizando as técnicas instrumentais	CAAP1.15.1. Establece o tipo de técnica de separación e purificación adecuada para cada tipo de

apropiadas	disolución CAAP1.15.2 Relaciona procedementos instrumentais de separación dos compoñentes dunha disolución coa súa aplicación no campo industrial ou de servizos CCL, CMCCT, CAA, CD, CSIEE
B1.16. Separar os compoñentes dunha mestura heteroxénea utilizando as técnicas instrumentais apropiadas	CAAP1.16.1 Establece o tipo de técnica de separación e purificación adecuada para cada tipo de mestura heteroxénea CAAP1.16.2 Relaciona procedementos instrumentais de separación dos compoñentes dunha mestura heteroxénea coa súa aplicación no campo industrial ou de servizos CMCCT, CCL, CAA, CD, CSIEE
B2.1 Precisar en qué consiste a contaminación e categorizar os tipos máis representativos	CAAP2.1.1 Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos. CAAP2.1.2 Analiza o concepto de desenvolvemento sostible a as súas repercusión para o equilibrio medioambiental CCL, CMCCT, CAA, CD
B2.7. Conocer a estrutura da atmósfera e a función de cada unha das súas capas	CAAP2.7.1 Indica o nome, estrutura e función de cada unha das capas que forman a atmósfera terrestre. CMCCT, CAA, CD, CSIEE, CSC, CCL
B2.9. Precisar os axentes contaminantes do aire, a súa orixe e as súas consecuencias	CAAP2.9.1 Discrimina os axentes contaminantes do aire e coñece a súa orixe e as súas consecuencias CMCCT, CAA, CD, CSIEE, CSC, CCL
B2.10. Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e urbán sobre o aire	CAAP2.10.1. Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e urbán sobre o aire CMCCT, CAA, CD, CSIEE, CSC, CCL
B2.11. Analizar os procesos instrumentais que se utilizan para a destrución daa capa de ozono	CAAP2.11.1 Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o chan que destruen a capa de ozono CMCCT, CD, CAA,, CSC
B2.12. Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e agrícola sobre o chan que producen o efecto invernadoiro e o cambio climático	CAAP2.12.1 Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o chan que producen o efecto invernadoiro e o cambio climático CMCCT, CD, CAA, CSC
B2.13. Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e agrícola sobre o chan que produce a choiva ácida	CAAP2.13.1 Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o chan que producen a choiva ácida CMCCT, CD, CAA, CSC
B2.14. Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e agrícola sobre o chan que producen contaminación nuclear	CAAP2.14.1 Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o chan que producen a choiva ácida CMCCT, CD, CAA, CSC

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<i>Procedementos:</i> Fichas sobre o tema e/ou traballos. Páxinas dinámicas de internet.
	<i>Instrumentos:</i> Empregaremos a rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos.
Cualificación final	<p><i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</i></p> <p>ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SUPERADOS: Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 50% nota da 1º avaliación. - 50% nota da 2º avaliación. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota. <p>ALUMNADO CUN TRIMESTRE SUSPENSO: Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 50% nota da avaliación aprobada. - 50% nota da avaliación recuperada. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota <p>ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SEN SUPERAR: Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 100% nota das avaliacións recuperadas. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.
Proba extraordinaria de setembro	Valorarase a necesidade de que o alumno/a poida realizar unha proba (exame) en setembro, en función dunha cualificación negativa obtida na materia, tanto na deste curso como na materia pendente de cursos anteriores.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Tarefas e traballos realizado polo alumno/a e valoración dos mesmos. Ou ter superado os dous trimestres do curso presente*.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 80 % Nota na cualificación obtida da materia recuperada - 20 % boletín de exercicios
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Empregaremos a rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos.</p> <p>Media dos dous primeiros trimestres*</p>

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (actividades que se intentarán desenvolver ao longo deste trimestre e a súa metodoloxía)

Tema da adaptación	Contidos	Actividades referidas a aprendizaxes fundamentais	Material entregado ao alumno	Tempo estimado para a realización	Indicador de logro	Forma de cualificación
1º e 2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> •Normas de laboratorio •Instrumental de laboratorio •Didolucións •Separación de mesturas •Disolucións •Contaminación atmosférica 	Actividades interactivas e videos.	Boletíns de exercicios	2 semanas cada boletín	Contestación ás preguntas sobre o tema do enlace web	Corrección das respostas

5. Rúbrica cualificación das fichas

Valoración	2 puntos	1 punto	0 puntos	Total
Contido da tarefa	Resolve e argumenta a resolución da tarefa	Só pon a solución ou fai unha argumentación pobre	Non entrega a tarefa ou entrega practicamente en branco	
Prazos establecidos	Entrega nos prazos establecidos	Demorase uns días, nunca máis dunha semana, con causa xustificada.	Non entrega ou entrega máis alá de dúas semanas sen causa xustificada.	
Presentación e orde	Presenta con limpeza e claridade, facilitando a corrección	Presentación descoidada e mellorable	Mala presentación	
Cualificación da actividade				

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CURSO: 4º ESO

IES Nº 1 A ESTRADA

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 01/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. .	Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.
Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	<div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Diferencia entre economía positiva e economía normativa.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.</div>
Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.
Analizar as características principais do proceso produtivo.	Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.
Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.

Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Preguntas escritas, traballos individuais, realización de distintas tarefas.
	Instrumentos: Contido das diferentes tarefas, presentación, desenvolvemento e precisión nas respostas. Desenvolvemento dos traballos e dos diferentes apartados. Presentación. Entrega en prazo.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: <ul style="list-style-type: none">- Para os alumnos cas DÚAS AVALIACIÓNS APROBADAS: 1ªavaliación 60%, 2ª avaliación 40% e 3ª 20% se é positiva, en ningún caso baixaría a nota final.- Para os alumnos que teñan UNHA AVALIACIÓN SUSPENSA: 60% a avaliación aprobada, 40% a suspensa, que tería que realizar tarefas de reforzo e recuperación recomendadas polo profesor. 20% de todos os traballos e tarefas realizadas na 3ª avaliación, que contará só no caso de ser positiva.- Para os alumnos que teñan AS DÚAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS, realizaría tarefas de reforzo e recuperación que contarían o 90% da nota final, máis un 20% das tarefas e actividades realizadas a maiores durante a 3ª avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	Realizaráse unha PROBA ESCRITA E PRESENCIAL sobre os temas explicados ata o día 13 de marzo, de 10 preguntas, tendo que acadar a calificación mínima de 5 para dar por superada a materia. No caso de non ser posible a realización da dita proba presencial, mandaríase unha proba similar a realizar nun prazo de dúas horas dende a recepción da mesma por correo electrónico.
Avaliación de materia pendentes	Non hai alumnos con economía pendente, esta materia impártese por primeira vez en 4º ESO
	Criterios de cualificación:

	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Elaboración das respostas, profundización nos temas, comprensión dos conceptos clave en cada apartado, presentación e corrección dos contidos.</p>
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)		
Actividades		<p>Actividades de reforzo sobre os contidos dos temas impartidos. Elaboración de traballos individuais. Comentarios de diferentes artigos, vídeos y/ou películas. Tarefas de reforzo no caso de ter algunha ou as dúas avaliacións suspensas, e seguimento da programación a través dos contidos mínimos sinalados na mesma, para aqueles alumnos que teñan superadas a 1ª e 2ª avaliación.</p>
M e t o d o l o x í a	alumnado con conexión	<p>A gran maioría do alumnado, practicamente o 100%, non ten problemas de conexión en canto a soporte técnico. Utilizáse a aula virtual, classroom e correo electrónico.</p>
	alumnado sen conexión	<p>Non consta.</p>
Materiais e recursos		<p>Libro de texto. Materiais de elaboración propia. Documentais. Vídeos</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.

Aula virtual, classroom, correo electrónico, abalarmóbil, chamada telefónica.

Publicidade

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº 1 A ESTRADA
CURSO: 4º E. S. O.
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA
PROFESOR: JAVIER SANMARTÍN ENRÍQUEZ
DATA: 8 MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

Introducción e marco legal.

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL

Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, entre as medidas preventivas adoptadas, estableceuse a suspensión das actividades académicas.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma que significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

Pola súa parte, o Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021. Dita norma, que ten carácter básico, modifica o marco normativo que rexe o desenvolvemento do curso 2019/2020 e flexibiliza os criterios para promoción e titulación nas diferentes etapas educativas, quedando sen efecto o criterio do número de materias non superadas.

Ao abeiro de todo o anterior dítanse as **Instrucións do 27 de abril de 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, **no que se ampara a programación presente**.

AVALIACIÓN DO CONTEXTO

SITUACIÓN DE PARTIDA DA MATERIA

A materia de educación física impártase no seguintes cursos:

CURSO	Nº DE LIÑAS	Nº ALUMNOS/AS	ALUMNADO CON MATERIAS SUSPENSAS	ALUMNADO REPETIDOR	ALUMNADO CON NEE
1º ESO	2	18 (1ºA) 20 (1º B)	0	5 (1º A) 5 (1º B)	0
2º ESO	2	18 (2º A) 18 (2º B)	5 7	2 2	1 1
3º ESO	2	18 (3º A) 19 (3º B)	4 1	2 4	0
4º ESO	2	17 (4º A) 14 (4º B)	4 7	0 1	0

RESULTADOS DA 1º E 2º AVALIACIÓN NA MATERIA

	1º ESO Alumnos aprobados		1º ESO Alumnos suspensos	
	A	B	A	B
1º avaliación	15	17	3	3
2º avaliación	18	14	1	6

	2º ESO Alumnos aprobados		2º ESO Alumnos suspensos	
	A	B	A	B
1º avaliación	18	19	0	0
2º avaliación	14	12	4	6

	3º ESO Alumnos aprobados		3º ESO Alumnos suspensos	
	A	B	A	B
1º avaliación	18	17	0	1
2º avaliación	18	17	0	2

	4º ESO Alumnos aprobados		4º ESO Alumnos suspensos	
	A	B	A	B
1º avaliación	17	14	0	0
2º avaliación	17	14	0	0

ANÁLISE FINAL 1º ESO		
Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE APROBAN AS DÚAS AVALIACIÓNS	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN UNHA AVALIACIÓN	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN AS DÚAS AVALIACIÓNS
29	7	3

ANÁLISE FINAL 2º ESO		
Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE APROBAN AS DÚAS AVALIACIÓNS	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN UNHA AVALIACIÓN	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN AS DÚAS AVALIACIÓNS
26	10	0

ANÁLISE FINAL 3º ESO		
Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE APROBAN AS DÚAS AVALIACIÓNS	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN UNHA AVALIACIÓN	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN AS DÚAS AVALIACIÓNS
35	1	1

ANÁLISE FINAL 4º ESO		
Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE APROBAN AS DÚAS AVALIACIÓNS	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN UNHA AVALIACIÓN	Nº TOTAL DE ALUMNOS/AS QUE SUSPENDEN AS DÚAS AVALIACIÓNS
31	0	0

Tal é como se recolle dos datos anteriores a porcentaxe de aprobados é: 91 % do alumnado.

SITUACIÓN DE ANÁLISE DO 3º TRIMESTRE

REALIDADE DO USO DA AULA VIRTUAL

Con data do 16 de marzo de 2020 comeza a funcionar na aula virtual do IES Nº1 A Estrada a carpeta da materia educación física, na que se xestiona toda a atención ao alumnado neste 3º trimestre.

O contido virtual distribúese da seguinte maneira:

- Un foro de consultas e dúbidas

- Carpetas de actividades de reforzo e ampliación, de ser o caso e as tarefas encomendadas para esa semana.
- Carpetas de recuperacións de avaliacións suspensas e as tarefas encomendadas.

O alumnado pode entregar a través da aula virtual ou por correo electrónico as actividades e tarefas solicitadas.

A maiores facemos videoconferencias para aclarar dúbidas, consolidar contidos e/ou avanzar materia. (Esta última non avaliable).

Atopámonos coa seguinte realidade ata a data actual.

	Alumnado que segue con regularidade as tarefas encomendadas	Alumnado que segue esporádicamente as tarefas encomendadas	Alumnado que non segue as tarefas encomendadas
3º ESO	35	1	1
4º ESO	31	0	0

AXUSTES ÁS NECESIDADES DETECTADAS

En acordo de claustro do 22 de abril de 2020 estableceuse que para facilitar a conectividade do alumnado todas as tarefas das diferentes materias, subiranse o luns de cada semana, poidendo secuanciarse diariamente ou semanalmente ou, incluso de ser o caso, máis alá dunha semana.

O profesorado facilitará un correo de contacto ao alumnado e as familias ademais do foro de dúbidas habilitado dentro da propia aula virtual.

Colaborarse co profesorado titor na recollida de información do alumnado do diferentes grupos a través dun modelo facilitado.

O Departamento de orientación contactará con aqueles casos que se detecten máis vulnerables a esta situación.

Na memoria de final de curso recolleremos as dificultades atopadas e as medidas adoptadas ao longo deste trimestre.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Deseñar e-realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.	Realiza describe exercicios ou actividades nas fases inicial e final dalgunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.
Valorar o quentamento como prevención de lesións.	Valora o emprego do quentamento como medio de prevención de lesións. Describe quecementos de acordo coa actividade física proposta que se quere realizar.
Coñecer os efectos do traballo de resistencia aeróbica, de flexibilidade, de velocidade e de forza sobre o estado de saúde: efectos beneficiosos, riscos e prevención.	Coñece os efectos do traballo de resistencia aeróbica, de flexibilidade, de velocidade e de forza sobre o estado de saúde: efectos beneficiosos, riscos e prevención.
Elaborar e poñer en práctica un plan de traballo para cada unha das calidades físicas.	Consegue elaborar e-poñer-en-práctica un plan de traballo para cada unha das calidades físicas relacionadas coa saúde.
Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.
	Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.
Coñecer os alimentos beneficiosos e prexudiciais para a saúde e a necesidade de hidratación.	Recoñece como perniciosos os hábitos e as prácticas que prexudican a saúde (fumar, beber, sedentarismo, etc.).
Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.	Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.
Resolve Coñecer situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.	Axusta a realización describe as habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, no xogo do bádminton individual e dobres preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.
Coñecer o regulamento básico das actividades deportivas.	Coñece as normas e regras dos deportes do bádminton de individuais e dobres.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: fichas. Corrección do material entregado Páxinas web. Material mutimedia. Apuntamentos.</p> <p>Instrumentos: Rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos. Rexistro da participación.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SUPERADOS: Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - 50% nota da 1º avaliación. - 50% nota da 2º avaliación. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</p> <p>ALUMNADO CUN TRIMESTRE SUSPENSO: Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - 60% nota da avaliación aprobada. - 40% nota da avaliación recuperada. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</p> <p>ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SEN SUPERAR: Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - 100% nota das avaliacións recuperadas. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Valorarase a necesidade de que o alumno/a poida realizar unha proba (exame) en setembro, en función dunha cualificación negativa obtida na materia, tanto na deste curso como na materia pendente de cursos anteriores.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Tarefas e traballos realizado polo alumno/a e valoración dos mesmos. Ou ter superado os dous trimestres do curso presente.</p> <p>Criterios de cualificación:</p>

	Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - Nota na cualificación obtida da materia recuperada.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos. Media dos dous primeiros trimestres.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)				
4º ESO				
Contidos	Actividades referidas a aprendizaxes fundamentais	Material entregado ao alumno	Indicador de logro	Forma de cualificación
Describir a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos do voleibol.	Coñecemento da realización dos golpeos básicos do voleibol.	Vídeos sobre os fundamentos técnicos de golpeos. Apuntamentos dos golpeos básicos.	Entrega das respostas correctas no prazo indicado.	Rúbrica fichas. Corrección do material entregado. Rexistro da participación.
Describir a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos da natación.	Coñecemento da realización dos fundamentos básicos da natación.	Vídeos sobre os fundamentos técnicos da natación. Apuntamentos.	Entrega das respostas correctas no prazo indicado.	Rúbrica fichas. Corrección do material entregado. Rexistro da participación.
Coñecer o regulamento básico das actividades deportivas.	Coñece as normas e regras dos deportes do voleibol e natación.	Apuntamentos. Páxina web de contidos reglamentarios	Entrega das respostas correctas no prazo indicado.	Rúbrica fichas. Corrección do material entregado. Rexistro da participación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Non consta alumnado sen conectividade			

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Publicación na aula virtual do centro e correo ao alumnado e ás familias indicando a súa publicación. Comunicados tamén por Abalar.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº 1 A ESTRADA

CURSO: 4º E.S.O.

MATERIA: Educación Plástica, Visual e Audiovisual

DEPARTAMENTO: Educación Plástica, Visual e Audiovisual

DATA: 6 de maio, 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	COMPETENCIAS
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando elementos do linguaxe plástico e visual. ✓ Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos ritmos. ✓ Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. ✓ Elixo materiais e procedementos adecuados para a realización de proxectos artísticos. ✓ Utiliza con propiedade os materiais e procedementos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticos e mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado e apórtao ao aula cando é necesario para a elaboración das actividades. ✓ Entende o proceso de creación artística e as súas fases e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. ✓ Explica o proceso de creación dunha obra artística e os seus elementos compositivos. ✓ Diferenza o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. ✓ Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de Debuxo Técnico. ✓ Resolve problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. ✓ Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais dun nivel adecuado. ✓ Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. 	<p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSIIE</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CMCC T</p> <p>CSIEE</p>

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">✓ Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, nos sistemas de representación estudados.✓ Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas de obxectos e espazos sinxelos.✓ Coñece os elementos e finalidades da comunicación visual.✓ Observa os obxectos da nosa contorna e analiza a súa vertente estética, a súa funcionalidade e a súa utilidade, mediante a linguaxe visual e verbal.✓ Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.✓ Planifica os pasos a seguir na realización de proxectos artísticos respectando as realizadas por compañeiros.✓ Analiza os tipos de plano que aparecen en distintas películas cinematográficas valorando os seus factores expresivos.✓ Realiza un storyboard para unha secuencia de vídeo.✓ Recompila diferentes imaxes de prensa analizando as súas finalidades.✓ Elabora imaxes dixitais utilizando algún programa de debuxo asistido por ordenador.✓ Realiza, seguindo o esquema do proceso de creación, un proxecto persoal. | |
|---|--|

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Actividades escritas como resumos, esquemas, preguntas curtas, exercicios de cálculo...</p> <p>Creación de imaxes gráfico plásticas, elaboracións de fotografías e álbumes, análise, interpretación e comentarios de obras de arte</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Recursos propios que se van engadindo na AV (vídeos titoriais , diapositivas, fotografías, documentos Word) • Correo electrónico e foro da AV para avisos, comentarios e resolución de dúbidas.

4.-INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

O alumnado recibirá toda a información a través da aula virtual (foro da materia) e puntualmente tamén mediante correo electrónico e plataforma ABALAR MÓBIL , tanto das profesoras da materia como dos/as titores/as, e mesmo xefatura de estudos ou dirección, se for preciso.

Esta programación será publicada na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. Nº1 A ESTRADA
CURSO: 4º E.S.O.
MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA
DEPARTAMENTO: FRANCÉS
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.
5. ANEXO: Rúbrica 3, para a valoración de traballos do alumnado de redacción persoal escrita.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	SLEB1.2. Capta a maioría dos puntos principais e dos detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.
B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.	SLEB1.6. Identifica a maioría da información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.
B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.	SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.
B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.	SLEB3.3. Comprende globalmente correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/ a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.
B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.	SLEB4.1. Escribe, eficazmente, aínda que cometa algúns erros , correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.
B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.	SLEB4.2. Completa, adecuadamente, a maior parte dun cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).
B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente a maioría das convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

SLEB5.5. **Comprende e comunica o propósito solicitado** na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) **utilizando adecuadamente a maioría** das estruturas sintáctico- discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>-60% Análise da produción dos alumnos: Tarefas de redacción persoal escrita.</p> <p>-40% Probas obxectivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - tests de comprensión oral e/ou escrita. - tests de verificación de coñecementos lingüísticos.
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Rúbrica 3</u>: para a valoración de traballos de redacción persoal escrita. - Probas obxectivas de corrección automática na Aula Virtual. - Caderno do profesor: fichas de control e rexistros cuantitativos.
Cualificación final	<p>A cualificación final ordinaria responderá ás seguintes porcentaxes:</p>
	<p>ALUMNADO CON 2 TRIMESTRES ANTERIORES APROBADOS:</p> <p>Para este curso <u>é o caso do total do alumnado.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -50% nota da 1ª avaliación -50% nota da 2ª avaliación + -20% nota da 3ª avaliación, podendo sumar ata un máximo de 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.
Proba extraordinaria de setembro	<p><u>Non hai alumnado afectado</u>, xa que o total do alumnado de 4º da E.S.O. deste ano académico ten aprobados os dous trimestres anteriores.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non cabe a posibilidade de ter alumnado pendente en 4º da E.S.O.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p><u>Actividades de repaso, reforzo:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -exercicios interactivos en páxinas web francófonas. -exercicios de revisión de contidos anteriores. -visionado de documentos audiovisuais en páxinas web francófonas. -probas obxectivas de verificación da comprensión de documentos escritos e/ou documentos audiovisuais.
	<p><u>Actividades de ampliación:</u></p> <p>Non serán obrigatorias e non serán materia de avaliación do 3º trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> -exercicios de ampliación de vocabulario relacionado co xa visto nos 2 primeiros trimestres do curso. -contidos lingüísticos básicos para a comprensión dalgúns recursos audiovisuais: <u>pronomes adverbais complementos</u> : explicación mínima e exercicios de práctica con posterior corrección.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>-Alumnado <u>con conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Publicación semanal na Aula Virtual do I.E.S. Nº1 da Estrada das actividades a realizar nese prazo. Os prazos de entregas serán flexibles.
	<p>-Alumnado <u>sen conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -envío e recepción de tarefas a través do correo electrónico e posibilidade de recoller copia impresa na conserxería do centro, no caso de ser posible. <p>Para o alumnado que acredite de xeito formal non ter conectividade a cualificación final responderá á seguinte porcentaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> 60% -envío en prazo de tarefas de redacción persoal escrita. 40% -envío en prazo de exercicios realizados e corrixidos. <p>Non se admitirán entregas a partir do 15 de xuño.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> -Aula Virtual do I.E.S. Nº1 da Estrada -Correo electrónico: francesn1estrada@gmail.com -Libro de texto e caderno de exercicios: <u>Trop bien 4</u> + documentos de corrección das actividades do libro. -Páxinas web francófonas con actividades interactivas . -Textos de lectura en francés auténticos ou creados pola profesora. -Documentos audiovisuais auténticos en páxinas webs francófonas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>-Aviso ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none">-Aviso no <u>FORO: le cours de français</u> da Aula Virtual de francés, do I.E.S. Nº1 da Estrada, indicando a publicación na páxina web do centro.-Correo electrónico ao alumnado con problemas de conectividade.-Avisos periódicos ao titor en casos puntuais. <p>-Aviso ás familias:</p> <ul style="list-style-type: none">-Aviso a través de mensaxe Abalar: aviso a grupos, indicanco a publicación na páxina web do centro.-En casos puntuais, aviso a través de contacto telefónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

RÚBRICA 3: PARA A AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA

(redaccións de pequenos textos ou composicións de texto e imaxe)

CATEGORÍA	EXCELENTE	Ata 2	BO	Ata 1,5	ACEPTABLE	Ata 1	INSUFICIENTE	Ata 0,5
VOCABULARIO (riqueza do discurso)	Emprega vocabulario pertinente e abundante.	0,5	Emprega vocabulario pertinente e variado.	0,5	Emprega un mínimo do vocabulario requerido.	0,25	Non emprega o suficiente vocabulario.	0,2
GRAMÁTICA Corrección idiomática e coherencia e cohesión nos niveis superiores.	Emprega con corrección as diferentes estruturas gramaticais requeridas.	0,5	Tenta empregar diferentes estruturas gramaticais aínda que cometa pequenos erros.	0,5	Emprega case sempre o mesmo modelo e comete algúns erros.	0,25	Emprega sempre o mesmo modelo estrutural e/ou comete erros importantes.	0,2
PRESENTACIÓN / ESTÉTICA	A presentación dos contidos está coidada: identificación, título, marxes, ilustracións axeitadas, ben presentadas e ben distribuídas no espazo, ...	0,5	A presentación dos contidos cumpre cos requisitos esixidos e está coidada pero podería mellorarse: elección-realización das ilustracións, dos tipos de letra ou resaltado, mellor distribución no espazo, ...	0,25	A presentación dos contidos cumpre os mínimos requeridos pero está pouco coidada.	0,25	A presentación non se adapta ós mínimos requeridos: formato, marxes, identificación, ilustracións, ...	0
CONTIDO Mínimo requerido: Nº de palabras ou liñas, Temática e diferentes estruturas gramaticais.	O contido correspóndese co solicitado (temática e diferentes estruturas gramaticais) superando o límite de palabras requerido.	0,5	O contido correspóndese co solicitado (temática e diferentes estruturas gramaticais + mínimo de palabras requerido).	0,25	Os contidos presentados correspóndense co solicitado pero son un pouco escasos.	0,25	Os contidos presentados son demasiado escasos.	0,1

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº1
CURSO: 4º E.S.O.
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 12 - 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**
5. **Anexo: Assignment Rubric (rúbrica de avaliación)**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles: Táboa Resumo

Estándares dos bloques de contidos e competencias imprescindibles	Procedemento e Instrumento de avaliación	% na nota das avaliacións	
Comprensión de textos orais: PLEB. 1.2, 1.4, 1.7, 1.8 Competencias imprescindibles: CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa escrita (proba ou exame) ('listening'). Observación e rexistro cualitativo	10%	
Produción de textos orais (expresión e interacción): PLEB. 2.1, 2.3, 2.4, 2.5, Competencias imprescindibles: CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa de observación (exposicións orais ou escritas) Tarefa de observación ('roleplays')	10%	
Comprensión de textos escritos: PLEB. 3.2, 3.3, 3.5, 3.8, Competencias imprescindibles: CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa escrita ('reading comprehension'). Observación e rexistro cualitativo.	20%	70%
Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural: PLEB. 5.2, 5.3, 5.6, 5.7, Competencias imprescindibles: CCL, CAA, CCEC, CD, CSC	Tarefa de rexistro cuantitativo das notas. (Proba escrita: grammar work, vocabulary work)	50 %	
Produción de textos escritos (expresión e interacción): PLEB. 4.1, 4.4, 4.7, 4.8, Competencias imprescindibles: CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa escrita (proba ou exame) ('Writing different types of texts') Portfolio de producións escritas	10%	

COMPETENCIAS CLAVE

CCL => COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

CAA => COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

CD => COMPETENCIA DIXITAL

CCEC => COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

CSC => COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

1. Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>Comprensión de textos orais:</p> <p>PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).</p>
<p>B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.</p>	<p>PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).</p>

	PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.
	PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).
	Producción de textos orais: expresión e interacción:
B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.	PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.
B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas	PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información

<p>e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.</p>	<p>básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p>
<p>B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p>	<p>PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p>
<p>B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.</p>	<p>PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p>
	<p>Comprensión de textos escritos:</p>
<p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).</p>	<p>PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.</p>
<p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en</p>	<p>PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou</p>

<p>soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.</p>	<p>corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).</p>
<p>B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.</p>	<p>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>
	<p>PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</p>
	<p>Produción de textos escritos: expresión e interacción:</p>
<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).</p>	<p>PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</p>
<p>B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.</p>	<p>PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos,</p>

	sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.
	PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.
	PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.
	Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural:
B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).	PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.
B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).	PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.

<p>B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.</p>
<p>B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a</p>	<p>PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
<p>☑ B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.</p>	
<p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	

2. Avaliación e cualificación

Procedimentos:

A avaliación na nosa materia é considerada, segundo a nosa programación, continua, porque o/a profesor/a vaise facendo unha idea do grao de desenvolvemento, traballo e aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

Por tanto e seguindo esta filosofía e a filosofía recollida nas instrucións do 27 de abril da Dirección Xeral de Educación, levaranse a cabo tarefas e probas das distintas destrezas para recuperar a materia das avaliacións que estean suspensas.

Ditas tarefas e probas serán, por suposto, coherentes coa materia impartida durante as dúas primeiras avaliacións e considerarase recuperada a materia anterior se acada o nivel de logro mínimo “suficiente”, en ditas tarefas de recuperación.

Así mesmo, o procedemento para o cálculo desta nota de recuperación será o que aparece no cadro da páxina 2 baixo o epígrafe “% na nota das avaliacións”.

Avaliación

Esta nota, ao ser avaliación continua, non só recuperará a 2ª avaliación, senón que ao recuperar a 2ª queda automaticamente recuperada a 1ª avaliación.

Para aqueles alumnos que non teñan que recuperar ningunha avaliación esta nota servirá para redondear a nota á alza.

No caso de dar materia nova, a nota da súa avaliación só servirá para mellorar a cualificación final.

Instrumentos:

- Tarefas e probas das distintas destrezas.
Estas tarefas e probas están indicados na táboa resumo da páxina 2.
- Assignment Rubric => Rúbrica de Avaliación.
Esta rúbrica atópase no Anexo, páxina 11.

Cualificación final

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.

	<p>Esta avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final, unha vez recuperadas as avaliacións pendentes coas tarefas feitas no 3º trimestre cun "5", será a nota media entre as dúas primeiras avaliacións.</p> <p>No caso de non ter ningunha pendente, farase a media entre a 1ª e 2ª avaliación e o traballo da 3ª avaliación servirá para subir a nota media en 2 puntos.</p> <p>No caso de que un alumno teña algunha avaliación suspensa e non entregue as tarefas que se piden para a súa recuperación, considerarase "non recuperada" e a media farase coas notas que teña obtidas nesas avaliacións.</p>
Proba extraordinaria de setembro	O referente será as aprendizaxes vistas durante os dous primeiros trimestres, polo tanto, só entrará a materia vista neste período.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os criterios de avaliación son os especificados na programación de inglés nos apartados de cada destreza do curso que se teña pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que o alumnado acade o nivel de logro mínimo esixido na programación para a recuperación da materia pendente, un "5".
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega do material proposto para a superación de materia pendente. - Considerarase que superaron a materia pendente do curso inferior aqueles alumnos que aproben a 1ª maila 2ª avaliación do curso superior. - Se o docente o considerase necesario, unha proba telemática.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Tarefas das distintas destrezas: Speaking, Listening, Reading, Writing e da Gramática e Vocabulario, enfocadas ao repaso, reforzo e recuperación das avaliacións pendentes.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>Con conectividade:</u> entrega de tarefas a través da AV e do correo electrónico.</p> <p><u>Sen conectividade:</u> entrega de tarefas escritas a través do centro.</p>
Materiais e recursos	Tarefas creadas ou adaptadas subidas á plataforma da AV ou enviadas a través do correo electrónico, creado e habilitado para esta situación especial.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Nota colgada no apartado correspondente da AV, co documento adxunto.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

5. Anexo: Assignment Rubric
Na seguinte páxina pódese atopar a rúbrica de avaliación.

	Task	Text Organization (Format, Style, Register)	Grammar, Vocabulary and Language Functions	Spelling and Punctuation	⁽¹⁾ Mechanics Mistakes
Excellent 8- 10	*Focuses on the topic throughout. *Uses a clear consistent organization pattern.	*Includes (introduction, body and conclusion). *Shows creativity cohesion and creativity. *Uses many relevant supporting details.	*Uses accurate grammar structures. *Usually precise and creative in word choice. *Contains few grammar and mechanics ⁽¹⁾ mistakes.	*Contains few spelling and punctuation mistakes.	1. Wrong Word. 2. Missing Comma after an Introductory Element. 3. Incomplete or Missing Documentation. 4. Vague Pronoun Reference. 5. Spelling. 6. Mechanical Error with a Quotation
Good 6 - 8	*States topic clearly and generally stays on the subject. *Tries to accomplish the task.	*Uses an organizational pattern with few lapses. *Uses adequate supporting details but come may be irrelevant.	*Has adequately precise word choice. *Contains a few grammar and mechanics ⁽¹⁾ mistakes.	*Contains a few spelling and punctuation mistakes.	7. Unnecessary Comma. 8. Unnecessary or Missing Capitalization. 9. Missing Word. 10. Faulty Sentence Structure. 11. Missing Comma with a Non-restrictive Element.
Satisfactory 4 -6	*States topic but may include unrelated ideas.	*Uses an organizational pattern with lapses. *Details to explain reasoning are not fully developed.	*Has adequate word choice not always precise. *Contains some grammar and mechanics ⁽¹⁾ and mistakes.	*Has some spelling and punctuation mistakes.	12. Unnecessary Shift in Verb Tense. 13. Missing Comma in a Compound. Sentence. 14. Unnecessary or Missing
Needs Improvement 2 - 4	*Has no clear topic or topic only vaguely relates to the task.	*Has little organization.	*Has limited or immature word choice. *Has many grammar and mechanics ⁽¹⁾ mistakes.	*Has many spelling and punctuation mistakes.	Apostrophe (including its/it's). 15. Fused (run-on) Sentence 16. Comma Splice. 17. Lack of pronoun/antecedent agreement.
Poor 0 - 2	*Doesn't accomplish the task.	*Has no organization.	*Has major grammar and mechanics ⁽¹⁾ mistakes.	*Has major spelling and punctuation mistakes.	18. Poorly Integrated Quotation. 19. Missing or Unnecessary Hyphen.
Unacceptable - 0	*Has nothing to do with the task	*Scattered ideas written randomly.	*Has unacceptable grammar and mechanics ⁽¹⁾ mistakes.	* Has inadmissible spelling and punctuation mistakes.	20. Sentence Fragment ...etc.

Taken and adapted for educational purposes from: <https://sites.google.com/site/inglesbasicomoov/rubricas-de-evaluacion/rubrica-1>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

CENTRO: IES Nº 1 A ESTRADA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO: 4º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Tendo en conta a situación de excepcionalidade en que nos atopamos, e ao abeiro das instrucións dadas o 27 de abril pola Dirección Xeral de Educación, o Departamento de lingua galega e literatura do IES N° 1 da Estrada resolve adaptar os estándares de aprendizaxe e os procedementos e instrumentos de avaliación que se recollían na programación de setembro, e que fora aprobada no seu día por Inspección educativa. A imposibilidade de desenvolver aulas de forma presencial, derivada do Estado de Alerta pola emerxencia sanitaria provocada pola Covid-19, levounos a reformular eses aspectos da programación, que quedarían do seguinte xeito:

4º de ESO

<u>Lingua galega e literatura. ESO. 4º curso</u>			
<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Grao mínimo de consecución</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Instrumentos e procedementos de avaliación</i>
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.			
▪ <u>LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e reconece a intención comunicativa do/da falante.</u>	5%	▪ Todo o curso	▪ Escala de Observación EO
▪ <u>LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.</u>	5%	▪ Todo o curso	▪ EO ▪ Tarefa escrita TE
▪ <u>LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.</u>	15%	▪ Todo o curso	▪ EO ▪ PO
▪ <u>LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</u>	7%	▪ Todo o curso	▪ Proba Escrita PE ▪ Producións orais PO ▪ Texto Escrito TE
▪ <u>LGB1.65.1. Reconece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral</u>	10%	▪ Todo o curso	▪ PO

<u>allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</u>			
▪ <u>LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</u>	1%	▪ Todo o curso	▪ PO ▪ EO
▪ <u>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</u>	5%	▪ Todo o curso	▪ PO ▪ Posta en Común PC ▪ Exposicións E ▪ ...
▪ <u>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</u>	4%	▪ Todo o curso	▪ PO ▪ EO
▪ <u>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</u>	4%	▪ Todo o curso	▪ PO ▪ EO E
▪ <u>LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.</u>	5%	▪ Todo o curso	▪ PO ▪ E ▪ EO
▪ <u>LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonéticos e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.</u>	8%	▪ Todo o curso	▪ EO
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir			
▪ <u>LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.</u>	15%	▪ Todo o curso	▪ TE
▪ <u>LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.</u>	2.5%	▪ Todo o curso	▪ TE ▪ PE
▪ <u>LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.</u>	2.5%	▪ Todo o curso	▪ TE ▪ PE
▪ <u>LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.</u>	3%	▪ 2º Trimestre	▪ TE ▪ PE

<ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.</u> 	3%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TE ▪ EO
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. 	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.</u> 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ TE ▪ Traballo de investigación TI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.</u> 	10%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EO ▪ TE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega. 	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EO
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións. 	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EO
Bloque 3. Funcionamento da lingua			
